

## Acta de reunión

Órgano convocado	Departamento de Calidade e Innovación						
Lugar de reunión	Viveiro de empresas			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	07 2018-19	Data	01/03/2019	Hora inicio	11:30h	Hora remate	12:10h
Moderador/a	Irene Sánchez Arines						
Secretario/a	Irene Sánchez Arines						
Propósito	REUNIÓN DO DEPARTAMENTO DE CALIDADE E INNOVACIÓN.						
Asistentes	Purificación Días, Mamen Teijido, Jesús Mujico, Edu Quintela, Reinaldo Miguéns, Alberto Ibáñez, Carlos Alberto Seoane, Victoriano Tomé.						

## Temas tratados

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.  
*Apróbase a acta do 01/02/19 por unanimidade.*
- Revisión dos acordos tomados.
  - Trasladarlle á coordinación de Formación o documento das necesidades formativas do Departamento de Electricidade e Electrónica. O Xefe de departamento de Electricidade e Electrónica indica que así o fixo.*
  - Consultar se ás mobilidades de profesorado poden optar docentes que soliciten licenzas de formación. A Coordinadora de Programas Internacionais di que depende do que se indique en cada convocatoria; este ano non son compatibles coas licenzas.*
  - Colaborar no rexistro dos modelos propios do CIFP achegando aqueles modelos que se usen habitualmente (por exemplo, en Acreditacións). Os presentes membros do Departamento consideran que non teñen documentación que achegar. A Xefa de Departamento anima a que todos aqueles documentos que se elaboren para facilitar a xestión poden ser compartidos e convertidos en modelos propios do CIFP para aforrar esforzos entre compañeiros/as, e pon de exemplo a listaxe de sinaturas do alumnado para as ACF.*
  - Recoller os elementos electrónicos do espazo de coordinacións e pasarllos ao xefe de Departamento de Electricidade e Electrónica. A Xefa do Departamento de Calidade e Innovación indica que están facendo arranxos no habitáculo e que os cables e libros desapareceron de alí, pero ninguén sabe do seu paradeiro.*
  - Informar ao claustro que o curso que vén non estará habilitada a Aula Virtual para actas e documentación. A Xefa do Departamento de Calidade e Innovación indica que así o fixo por correo electrónico.*
  - Trasladar ao equipo directivo que se especifique nos correos electrónicos do [cifp.xunqueira@edu.xunta.es](mailto:cifp.xunqueira@edu.xunta.es) a quen van dirixidos. A Xefa do Departamento de Calidade e Innovación informa que así o fixo por correo electrónico, xunto con outras demandas.*

- *Trasladar ao equipo directivo a petición de que se poidan consultar todas as actas dos diferentes órganos do CIFP. A Xefa do Departamento de Calidade e Innovación explica que así o fixo, e que aquel debateu a cuestión, determinando que non vía adecuado que persoas alleas a cada grupo de traballo lesen asuntos en certa medida privados deses grupos, polo que se determinou que só se daría acceso a aqueles membros do propio grupo.*

### 3 Seguimento do sistema de Xestión de Calidade.

- *Auditoría: a Xefa do Departamento de Calidade e Innovación pregunta ás xefaturas de departamento se teñen algunha dúbida con respecto ao que se lles pode pedir da guía de evidencias da auditoría. Faise algunha aclaración sobre algún dos aspectos.*

- *Revisión SXC: a Xefa do Departamento de Calidade e Innovación explica que está elaborando o informe sobre as reunións da revisión trimestral, da que se remata con catro novas non conformidades abertas: sobre a falta de dotación de infraestruturas e materiais aos ciclos (da que explica hai unha NC aberta en toda a Rede), sobre a presentación tardía do MD81PLA02 Plan Anual, sobre a elaboración tardía do MD61RIS01 Riscos e Oportunidades e sobre a falta de avaliación dos provedores.*

*Nesta revisión trimestral tamén presentou a Xefa do Departamento de Calidade e Innovación un informe elaborado sobre a análise de todas as non conformidades abertas en toda a Rede de Calidade, que se mostra ás persoas presentes. Considera que é unha análise interesante porque permite adiantarse a probables NC por fallos que cometemos na xestión de Calidade. Neste informe, a Xefa valorou cada NC determinando se se trataba de aspectos que o noso CIFP debía ter en consideración, e establecendo que cargo debería implementar accións preventivas.*

- *Enquisas: a Xefa do Departamento de Calidade e Innovación mostra os resultados xerais das enquisas de Satisfacción do Labor Docente, indicando que aínda non ten elaborado o informe. Este pasaráselle ao equipo directivo e farase unha relación daqueles módulos que presentan unha valoración negativa para que a Xefatura de Estudos valore se debe reunirse con cada docente.*

- *Coordinadores/as: infórmase das novidades das coordinacións:*

- *Formación: no claustro do mércores 27 deuse información actualizada.*
- *Programas internacionais: Mamen informa de que solicitou e foi concedida unha ampliación do K116 para docentes, habendo agora prazo ata marzo de 2020 (en vez de ata setembro de 2019). Actualmente están previstas as mobilidades de alumnado seguintes: 2 de CM de madeira a Portugal, 2 de Electrónica a Italia, 1 a Belfast, 2 de CM APSD a Italia, 1 de CS de Madeira a Portugal.*

### 4 Seguimento dos obxectivos do Departamento.

*A Xefa do Departamento de Calidade e Innovación mostra a folla de cálculo co seguimento dos obxectivos do Departamento. Todos os que se estaban realizando séguese traballando neles, e con respecto aos que estaban aprazados, informa do seu estado:*

- *PF2\_O5\_5.1. Subir a documentación de Calidade de interese, segundo cargos: indica que estivo facendo probas, pois a configuración do espazo non lle permitía colgar máis dun documento por apartado. Agora xa pode, polo que irá actualizando toda a*

*documentación (como pode verse co apartado dedicado á “documentación interna”). No seguimento do obxectivo porase, en consecuencia, que xa se está realizando.*

- *PF2\_O5\_5.2. Dotar de contido actualizado a información pertencente ao Departamento de Calidade: informa de que neste apartado aínda non comezou a facer cambios, polo que no seguimento do obxectivo porase que está aprazado.*

## 5 Rolda de intervencións.

- *Alberto Ibáñez comenta as dificultades que hai para acceder ás actas e contidos para docentes da web. Solicita que o coordinador de TICs habilite os permisos de acceso á web xa tendo en conta en que equipos está cada docente e que cargos ostenta, e que non haxa que solicitarllo a posteriori. A Xefa do Departamento de Calidade e Innovación indica que pensaba que se facía xa desa maneira, pero os xefes/as presentes na reunión manifestan que todos/as tiveron que solicitalo.*
- *Seguindo coa web, Reinaldo reflexiona sobre o seu uso, considerando que debería implantarse a obrigatoriedade de colgar nela as actas de forma máis paulatina, suxerindo que sexa primeiro o equipo directivo quen faga as primeiras probas e, unha vez que se comprobe a súa eficacia, se implante sucesivamente a xefaturas e equipos docentes.*

## Acordos

### 2. Revisión dos acordos tomados.

- *Averiguar onde se atopan os elementos electrónicos do espazo de coordinacións para pasarllos ao xefe de Departamento de Electricidade e Electrónica. Responsable: Xefa do Departamento de Calidade e Innovación.*

### 3. Seguimento do sistema de Xestión de Calidade.

- *Enviar aos membros do Departamento o informe de análise das NC de Rede e Informe das enquisas de Satisfacción do Labor Docente. Responsable: Xefa do Departamento de Calidade e Innovación.*
- *Enviar o baremo oficial da Consellería para participar nas mobilidades. Responsable: coordinadora de Programas Internacionais.*

### 5. Rolda de intervencións.


- *Solicitar ao coordinador de TICs que habilite os permisos de acceso á web xa tendo en conta en que equipos está cada docente e que cargos ostenta. Responsable: a Xefa do Departamento de Calidade e Innovación.*
- *Solicitar ao Equipo Directivo que se implante de maneira máis escalonada a subida de documentación á páxina web, comezando polo propio equipo. Responsable: a Xefa do Departamento de Calidade e Innovación.*

## Anexos

- *Informe de análise das NC de Rede.*

- *Informe das enquisas de Satisfacción do Labor Docente.*
- *Seguimento dos obxectivos do Departamento de Calidade e Innovación.*

Visto e prace moderadora



Irene Sánchez Arines

O/A secretario/a